



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

BASES REGULADORAS DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A AQUISIÇÃO DE MATERIAL ESCOLAR DO CONCELLO DE CABANAS.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto e finalidade.

A igualdade de oportunidades ante o ensino é un dos retos principais que deben afrontar os poderes públicos para facer efectivo o dereito a educación, polo tanto o obxecto da convocatoria é facer efectivo dito principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e o seu fin é compensar a aquelas familias que polas súas condicións económicas teñan máis dificultades para afrontar os gastos derivados de escolaridade.

Unha das medidas fundamentais é o establecemento dun sistema de axudas que posibiliten o acceso e continuidade nos estudos.

Polo tanto constitúe o obxecto das presentes bases, a regulación da convocatoria pública, por parte do Concello de Cabanas, para a tramitación e concesión de axudas para a adquisición de material escolar nos niveis de Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato, Educación Superior, Formación Profesional e Educación Especial nos centros públicos destinados ás familias do Concello de Cabanas que se atopen nunhas condicións socio-económicas menos vantaxosas.

O importe inicial destinado á concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar ascende á contía de 7.000,00 euros, con cargo á partida 3261.48100 do vixente orzamento de gastos.

Artigo 2.- Persoas beneficiarias.

Poderán solicitar as axudas todas as familias empadroadas no Concello de Cabanas cunha antigüidade mínima de dous anos que teñan fillas/os escolarizadas nos niveis educativos de Educación Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato e Educación Especial nos centros escolares do Concello de Cabanas ou en centros escolares fora do termo municipal cuxas modalidades non se oferten no termo municipal.

Os efectos destas bases, considerarase unidade familiar os núcleos de convivencia formados polas nais/pais ou persoas titoras e as fillas/os menores de 18 anos, empadroados no Concello de Cabanas e no mesmo domicilio. Esta situación deberá acreditarse documentalmente mediante o correspondente xustificante de empadramento.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos proxenitores, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva coas fillas ou fillos.

No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos proxenitores incluíranse dentro de cómputo da renda familiar.

No caso de nulidade, separación ou divorcio, o perceptor da axuda será o proxenitor que teña atribuída a custodia do menor de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial.



A separación de feito acreditarase mediante certificado de convivencia ou auto de medidas provisionais.

No caso de falecemento dalgún dos proxenitores da alumna/o que conviven con ela/el, deberá acreditarse a dita circunstancia mediante achega do certificado de defunción ou libro de familia onde conste tal feito.

En aplicación do estipulado no artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de Xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña relación análoga é conxugal e as fillas ou fillos menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

Para acreditar aqueles supostos nos que concorran circunstancias que modificarán a situación familiar existente, deberá documentarse aportando a seguinte documentación:

-En caso de separación ou divorcio: certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das dúas últimas nóminas, ou certificado de empresa oficial onde conste o período de traballo e importes percibidos nese período.

-En caso de viuvez: xustificante de pensión de viuvez e/ou certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das dúas últimas nóminas da empresa que aparezan na vida laboral ou certificado de empresa oficial.

-En caso de desemprego:

- ✓ Demandante de emprego con prestación: certificado de prestacións do SEPE (Servizo Público de Emprego Estatal) no que se indiquen as prestacións que se perciben actualmente e os períodos correspondentes e/ou segundo proceda, certificado de haberes dos meses nos que se traballara.
- ✓ Demandante de emprego sen prestación: certificado do SEPE e o certificado de vida laboral.

Artigo 3.- Requisitos das persoas beneficiarias.

- Ser menor de idade e estar empadroadado no Concello de Cabanas cunha antigüidade mínima dun ano.
- Estar escolarizada/o nos niveis de Infantil, Primaria ou Secundaria nos centros educativos do Concello de Cabanas (excepto aqueles casos nos que non existan prazas e inspección determine o traslado a centros de outras localidades) ou cursando Bacharelato, ou Educación Especial nalgún centro público educativo dos concellos limítrofes.
- Convivir coa persoa solicitante da bolsa.
- Dispor dunha renda per cápita mensual igual ou inferior o IPREM, deducidos dos ingresos líquidos, os gastos de alugueiro ou amortización da vivenda. Para efectos do cómputo de ingresos poderase solicitar calquera documentación que se considere necesaria para a acreditación dos recursos económicos familiares no momento de realizar a solicitude.
- Estar ao día no pago das obrigas tributarias co Concello de Cabanas.
- Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de Novembro, xeral de subvencións.
- As axudas concedidas para o mesmo fin, por outra administración son compatibles coa axuda do Concello de Cabanas, sempre e cando a contía total das axudas non supere



o importe total gastado pola/o alumna/o para ese fin.

Artigo 4.- Gastos subvencionables.

Serán subvencionables os gastos derivados da compra de libros de texto, material escolar funxible, material complementario (compás, regras, estoxo, mochilas, libros de lectura, dicionarios, pen drive.) que sexa necesario por consecuencia da escolaridade nos niveis de Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato e Educación Especial.

Material tecnolóxico exixido para o desenvolvemento do curso académico a través de medios dixitais, incluírase ordenadores, sempre e cando non poidan ser facilitados pola Consellería de Educación, impresoras, así como dispositivos Modem USB ou MiFi.

TÍTULO II. NORMAS DE PROCEDIMIENTO

Artigo 5.- Solicitudes.

As solicitudes presentaranse ante o Rexistro Municipal do Concello de Cabanas, segundo modelo establecido, sen prexuízo de establecido no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao de publicación de anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Ditas solicitudes irán asinadas pola persoa interesada ou pola persoa representante legal.

Artigo 6.- Documentación.

Xunto á solicitude que se presentará no modelo oficial, as persoas interesadas deberán achegar os documentos necesarios para xustificar o cumprimento dos requisitos establecidos para cada unha das prestacións solicitadas, entre as que se atopan as seguintes:

1. Fotocopia do DNI ou documento de identificación persoal da alumna/o e da persoa solicitante (nai, pai ou titor/a).
2. Fotocopia do Libro de Familia.
3. Certificado de empadramento conxunto.
4. Fotocopia ou resgardo da matrícula.
5. Xustificantes económicos así como do patrimonio de todos os membros da unidade económica de convivencia:
 - Fotocopia do contrato de traballo e da última nómina mensual. No caso de persoas pensionistas a fotocopia do recibo da última pensión ou certificación do INSS de pensión actualizada.
 - Fotocopia da última liquidación a conta do Imposto de Renda das Persoas Físicas, correspondente a todos os membros da unidade familiar ou autorización expresa ó Concello de Cabanas para a obtención dos datos fiscais.
 - Certificado ou documento que acredite o número IBAN de conta bancaria o nome do beneficiario, ou da persoa solicitante se aquel non dispón de conta bancaria da súa titularidade.
 - Fotocopia ou orixinal de facturas xustificativas dos gastos realizados en concepto exclusivo de material escolar, libros de texto, material funxible, material complementario emitidas a nome do beneficiario, solicitante (ou cónxuxe) da bolsa de estudo.



- Deberá presentarse factura ou factura simplificada, na que deberán figurar, en todo caso, os seguintes datos:
 - * CIF, NIF ou NIE do establecemento.
 - * Datos da persoa titular do establecemento.
 - * Data de expedición e número de factura.
 - * Data de realización de operación, se non é a mesma que a de expedición.
 - * Datos da persoa beneficiaria ou persoa solicitante da axuda.
 - * Concepto do adquirido detallado.
 - * Prezo unitario de cada concepto e número de unidades adquiridas.
 - * Tipo impositivo, ou expresión “IVE incluído”.
 - * Importe total.
 - * Deberase acreditar o pago da factura ou ben constar na mesma a expresión “PAGADO”. A factura deberá estar individualizada por beneficiaria/o (alumna/o).

Os tickets non terán validez como xustificantes válidos de gasto.

Se é o caso:

- Fotocopia do título de familia numerosa.
- Fotocopia da sentenza de separación ou divorcio, ou fotocopia do xustificante de viuvez onde conste o importe da pensión por gastos de manutención do menor.
- Pensionistas: xustificante da pensión mensual e número de meses que a percibe.
- Perceptores do RISGA: xustificante da contía mensual actual e fotocopia do documento de notificación da concesión.

NOTA.- As persoas solicitantes deberán achegar só os orixinais dos documentos, realizándose no Rexistro de entrada municipal copia de ditos documentos no momento de presentar a solicitude.

Poderase requirir polo Concello de Cabanas calquera outra documentación complementaria á indicada que se considere necesaria para maior clarificación da situación acreditada.

No caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días, arquivándose o expediente sen máis trámites se esta non se efectúese.

Artigo 7.- Contía da axuda.

As axudas concederanse segundo o nivel escolar da/o alumna/o, nos importes que figuran a continuación.

- Educación Infantil: Material didáctico e escolar ata 90 €.
- Educación Primaria: Material didáctico e escolar ata 100 €.
- Educación Secundaria: Material didáctico e escolar ata 150 €.
- Bacharelato: Material didáctico e escolar ata 190 €.
- Centros de Educación Especial: Ata 200 €.
- Axudas de material tecnolóxico: Ata un tope de 400 € por unidade familiar.



O pago da axuda abonarse na conta bancaria achegada coa solicitude pola persoa solicitante, unha vez acreditado o gasto realizado.

A instrución do procedemento realizarase polo persoal técnico dos Servizos Sociais Comunitarios, correspondendo á Alcaldía a resolución do mesmo.

Artigo 8.- Incidencias producidas despois da resolución da convocatoria.

Calquera incidente sobrevido que se produza despois da resolución da convocatoria resolverase pola Alcaldía, previa presentación da solicitude e a documentación que acredite dito incidente no Rexistro Xeral do Concello de Cabanas.

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polas persoas solicitantes suporá a devolución da axuda, no caso de ter adquirido o material.

As persoas beneficiarias destas axudas lles será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido nos art. 50 a 68 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Artigo 9.- Notificación e recursos.

A resolución que conceda ou denegue as axudas será notificada ao solicitante, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poñendo fin á vía administrativa.

Na mesma indícase á persoa interesada que esta información será remitida ao Rexistro Público de Subvencións, de acordo co establecido no art. 14.1.ñ) da Lei 9/2007 de 13 de Xuño de Subvencións de Galicia.

Contra ela poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, ou ser impugnado directamente ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Artigo 10.- Normas de aplicación.

En todo o non previsto nestas bases, a concesión ou denegación destas axudas regularase polo disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, no R.D. 887/2006 Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003 e na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Artigo 11.- Datos de carácter persoal.

En todo o procedemento aquí regulado darase cumprimento ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, así como ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de Abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

Cabanas, 7 de setembro de 2020

O Alcalde,
Carlos Ladra Brage

